CA1.12 - Amosar unha actitude de respecto cara a si mesmo/a e cara ás demais persoas para comprender e facerse comprender, considerando o erro como fonte de aprendizaxe.	Amosar de xeito xeral esa actitude de respecto.		
CA2.2 - Aplicar de forma guiada estratexias elementais que axuden a crear pontes e faciliten a comunicación, usando recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.	Amosar unha capacidade mínima de uso das ditas estratexias e recursos.		
CA2.3 - Comparar e contrastar as similitudes e diferenzas entre distintas linguas do seu repertorio lingüístico.	Amosar un coñecemento ou conciencia mínima desas similitudes e diferenzas.		
CA2.4 - Utilizar e diferenciar de forma progresivamente autónoma os coñecementos e estratexias que forman o seu repertorio lingüístico, para mellorar a súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, co apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais, valorando as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	Amosar certa autonomía á hora de comunicarse en e aprender a lingua estranxeira.		
CA2.5 - Identificar os progresos e dificultades da súa aprendizaxe da lingua estranxeira, realizando de forma guiada actividades de autoavaliación e coavaliación, recoñecendo e valorando estratexias de logro propias e alleas; reproducindo aqueles aspectos que axudan a mellorar, facéndoos explícitos e compartíndoos con outros participantes.	Autoavaliar os seus progresos de maneira aproximada á realidade.		
CA2.6 - Explicar o proceso de produción de textos e de hipóteses de significados, tomando en consideración o coñecemento do mundo, e os coñecementos e as experiencias noutras linguas.	Explicar de xeito comprensible e cun grado de corrección aceptable o proceso de produción de textos e de inferencia de significados.		
CA3.1 - Recoñecer estereotipos, rexeitando aqueles que supoñen discriminación e prexuízos lingüísticos e culturais, e utilizar, de forma guiada, estratexias para explicar e comprender a diversidade lingüística, cultural e artística.	Recoñecer algúns dos estereotipos e rexeitar toda forma de discriminación. Ser consciente da diversidade lingüística, cultural e artística		
CA3.2 - Aceptar e respectar a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira como fonte de enriquecemento persoal, amosando interese por comprender elementos culturais e lingüísticos.	Amosar respecto cara a diversidade de xeito habitual.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Curiosidade e interese por coñecer outras linguas e culturas. Actitude reflexiva ante o erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe.</li> <li>- Uso de estratexias de uso común para a comprensión e a produción de textos orais, escritos e multimodais breves, elementais e contextualizados.</li> <li>- Uso de modelos contextuais básicos na comprensión e produción de textos orais, escritos e multimodais, breves e moi sinxelos (notas ou recados, carteleiras ou fichas).</li> <li>- Utilización de unidades lingüísticas moi básicas de uso máis común e significados asociados ás devanditas</li> </ul>

## Contidos

- unidades tales como expresión da entidade (obxectos, persoas, accións etc.) e as súas propiedades (existencia, inexistencia, dimensións...), cantidade e calidade (forma, tamaño, cor, idade...), o espazo e as relacións espaciais (dirección, orixe...), o tempo e as relacións temporais (datación, secuencia...), formas moi básicas da afirmación, a negación, a interrogación e exclamación, e relacións lóxicas moi básicas e simples.
- Utilización e recoñecemento de patróns gráficos e convencións ortográficas elementais: uso das normas elementais de ortografía da palabra, uso adecuado da ortografía da oración (coma, punto e coma), identificación e expresión de intencións comunicativas básicas asociadas a eses patróns.
- Uso de recursos para a aprendizaxe e estratexias de uso común de procura e selección de información como dicionarios, bibliotecas, recursos dixitais (tradutores, conxugadores...) e informáticos (correctores ortográficos).
- Respecto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e contidos utilizados.
- Utilización de ferramentas analóxicas e dixitais básicas de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción e colaboración educativa.
- Comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal para recoñecer estratexias elementais (identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar unidades lingüísticas léxico, morfosintaxe, patróns sonoros etc.¿).
- Uso de estratexias e ferramentas de uso elemental, analóxicas e dixitais, para a autoavaliación e a coavaliación.
- Manexo de expresións e léxico específico de uso común para referirse aos usos da lingua e comprendelos, e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe).
- Comparación entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e outras linguas, para mellorar a súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada.
- Consideración da lingua estranxeira como medio de comunicación e relación con persoas doutros países, e como medio para coñecer culturas e modos de vida diferentes.
- Interese na participación en intercambios comunicativos planificados, a través de diferentes medios, con estudantes da lingua estranxeira.
- Utilización de estratexias de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.
- Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia.
- Sensibilidade perante usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

A nosa metodoloxía será flexible e variada, co alumno como protagonista da aprendizaxe. O profesorado guiará e instigará a actividade educativa, motivando ó alumnado a través de actividades e/ ou traballos individualmente ou por parellas, pequenos grupos, ou de toda a aula en conxunto (isto dependerá do perfil da actividade, do grupo co que se traballa, etc.).

Ensinarase a lingua estranxeira dende unha perspectiva comunicativa, na que se fomente a produción oral e escrita do alumno en tódolos niveis e en todo momento; e buscando activar a competencia plurilingüe e intercultural á que fai referencia o MCER, coordinando coas outras linguas para tratar un currículo integrado en contidos similares, terminoloxía... coa fin de fomentar o enfoque comunicativo, plural e transversal.

Buscarase acadar a maior implicación posible do alumnado mentres aprende a comunicarse na lingua estranxeira (cos seus compañeiros, co profesor e con calquera falante) así como a perda dos prexuízos ou temores á hora de utilizar unha lingua distinta da materna, adquirindo maior autonomía persoal a través da colaboración cos seus compañeiros. O traballo coa lingua estranxeira servirá tamén para romper os esquemas de aprendizaxe baseados na memorización, estimulando no alumnado a axilidade mental a través da capacidade de análise, dedución e improvisación, formulándolles novas preguntas, exercicios ou retos nos que poidan aplicar tanto coñecementos previos como os adquiridos recentemente na lingua estranxeira, relacionando con contidos doutras áreas de coñecemento.

a) Comunicación oral: comprensión e expresión. Será esencial partir da comprensión da lingua estranxeira,

escoitando se é permitido material audiovisual orixinal diverso na lingua estranxeira, ou en último caso, a fala do profesor coa fin de estimular a comprensión dos contidos básicos das mensaxes recibidas. O alumnado debe ser consciente de que non se necesita unha comprensión íntegra e *¿perfecta¿* dos textos, adquirindo pouco a pouco seguridade e confianza nas súas capacidades. Cumprirá traballar na familiarización do alumnado coa pronunciación da lingua francesa, primeiro a través dunha introdución á pronunciación do francés, logo, a través da escoita e repetición de sons, palabras e textos, para facilitar así a lectura e a propia produción oral. Neste sentido, sería importante o contacto visual e auditivo simultáneos na lingua estranxeira, para facilitar a asociación da escritura francesa e a súa correcta pronunciación.

b) En segundo lugar, para a comprensión escrita partiremos da familiarización coa escrita na lingua, asociada sempre á pronuncia (mediante a lectura en voz alta, ou con material sonoro) a través de textos variados, para pasar a unha comprensión lectora máis avanzada a través da lectura obrigada de relatos adaptados e/ou orixinais en lingua francesa, cuxa dificultade será menor ou maior dependendo do curso e do propio nivel de comprensión do alumno en cuestión. Estas lecturas deberán ser escollidas polo alumno (mellor, con asesoramento do profesorado) dentro do fondo dispoñible ó préstamo da Biblioteca Escolar, a razón de unha na segunda e/ ou terceira avaliación no caso do alumnado de 1º da ESO.

c) Para a expresión escrita, centrarémonos nas adquisicións dos mecanismos básicos mediante a explicación dos contidos gramaticais e léxicos na clase (o alumnado deberá tomar os apuntamentos correspondentes para o seu posterior estudo e consulta) e a práctica con exercicios guiados (completar ocos, frases, escoitar e escribir palabras e/ ou frases...), para pouco a pouco pedirles que fagan as súas propias producións, inculcando a idea de que escribir para expresarse na lingua estranxeira, unha vez que se coñecen as regras mínimas, non se diferencia moito de facelo na lingua materna, sexa esta o galego ou o castelán, e que a observación e a dedución poden ser tan útiles como calquera outro instrumento.

Fomentaremos as competencias de comprensión e expresión orais do alumnado a través de:

- Participación activa na aula: equilibrando as diferencias de capacidade, iniciativa e eficacia do alumnado co fomento da colaboración entre os compañeiros para comprender e expresarse, traducindo e facendo que a comunicación en lingua estranxeira sexa máis fluída.

- Material audiovisual: en formato audio (cancións variadas, contos e lecturas a través da Internet), ou mantendo o contacto coa lingua a través do profesor e/ ou os compañeiros. Poderíase utilizar material en formato vídeo: extractos de películas que amosen escenas da vida cotiá ou historias de ficción, vídeo-clips musicais, documentais, etc... que estean á nosa disposición, tanto a través de Internet (na aula) como en soporte DVD (na casa).

No que toca ás destrezas de comprensión lectora e expresión escrita usaranse:

- Como base, as actividades do alumno: fichas de exercicios de elaboración propia ou da Internet, así como os libros de lectura obrigatoria propostos (na 2ª e/ ou 3ª avaliación).

- Outros materiais: folletos, anuncios, revistas, cómics e outros documentos reais franceses, ou lecturas de fragmentos de literatura diversa, orixinal ou adaptada, adecuando ao nivel do alumnado e procurando incluír todo tipo de textos: continuos (expositivo, descritivo, argumentativo, instrucional, literario, xornalístico, hipertexto...) e textos discontinuos (cadros ou gráficos, táboas, mapas, formularios, follas informativas...).

- Tamén aproveitaremos as posibilidades da informática e da rede, utilizando Internet como medio de adquirir e transmitir información, a través da colaboración en diversos artigos e proxectos da Wikipedia, o intercambio de correspondencia electrónica con alumnos de centros educativos francófonos, etc.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Material de elaboración propia
Ordenador do profesorado, canón de vídeo e TDI
Conexión á Internet e Aula virtual
Material de lectura (libros ou textos adaptados ou orixinais, e tipoloxía diversa: informativo, literario, etc)
Material de consulta: dicionarios visuais, mono e bilingües, gramáticas, compendios gramaticais e de exercicios...

Material audiovisual: DVDs (films/ documentais); CD audio (audiolibros, música) e CD-Rom (xogos de ordenador)

- Non se usará libro de texto. Traballarase a partir dos apuntamentos das explicacións de clase e fichas de vocabulario e exercicios de elaboración propia, e ocasionalmente tirados da Internet, usando o ordenador do profesorado e proxectando no TDI os apuntamentos, exercicios e fichas de gramática ou vocabulario. Na rede, poderanse ler textos, traballar en páxinas web que conteñen exercicios e consultar outras páxinas con explicacións gramaticais, dicionarios e conxugadores.

- O alumnado terá contacto con materiais diversos en lingua francesa: fichas de traballo de elaboración propia; lecturas adaptadas ou orixinais, material de consulta (gramáticas, exercicios, dicionarios...), fondos audiovisuais DVDs (películas e documentais, CDs musicais), etc provintes da Internet e dos fondos do departamento a disposición na Biblioteca Escolar.

### 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Seguindo o establecido, partiremos dunha avaliación inicial para así determinar o perfil e nivel de coñecementos previos de cada grupo. Dita proba será realizada dentro dos prazos marcados polo centro, e consistirá nunha serie de cuestións e exercicios relativos ós contidos do curso inmediatamente anterior, incluíndo aspectos de coñecemento gramatical e de comprensión lectora e expresión escrita. Os resultados non serán computables dentro dos criterios de cualificación na avaliación ordinaria.

### 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

#### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>10</b>	<b>15</b>	<b>25</b>	<b>25</b>	<b>15</b>	<b>10</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	51	57	46	48	42	57	<b>49</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	49	43	54	52	58	43	<b>51</b>

#### Criterios de cualificación:

En cada avaliación, a cualificación do alumnado responderá ao seguinte criterio: a nota global de cada alumno obterase da media ponderada da cualificación obtida en cada un dos ítem tidos en conta durante a avaliación continua. Velaquí:

1. Nota de exame (60% da cualificación global): esta cualificación resulta da media aritmética de todos os controis ou probas escritas realizados no trimestre, escritos e/ ou orais. A cualificación xeral das probas escritas será: as probas ou controis terán unha puntuación máxima de 20 puntos. Os exames de repaso xeral da materia traballada durante cada avaliación terán unha puntuación máxima de 30 puntos (20 puntos para a parte de produción escrita e gramática, e 10 - comprensión oral e escrita).

Moi importante: no caso de detección de irregularidades durante a realización dun exame (copiar de compañeiros, utilizar "chuletas", etc ou outras 'técnicas' similares), isto implicará a anulación do mesmo, contando coa cualificación de 0, coas consecuencias que isto implique á hora de facer a media de exames.

1. Nota de traballo na casa (15%): cualifica a realización das tarefas Cun valor numérico comprendido entre 0 e 10, tendo en conta que se fará unha media de tódalas puntuacións ou mencións que se teñan acadado nos exercicios e traballos entregados. Dentro desta parte inclúense un traballo trimestral (elixindo entre: presentación dun resumo de lectura dunha banda deseñada, dunha película e dunha selección musical franceses) e os resumos das lecturas

recomendadas, (que contarán como outra nota máis de traballo persoal en casa) a razón dunha por avaliación no caso de 2ºESO. Dentro dela, inclúese un 0,5% de actitude que valorará a constancia no traballo, pero tamén o esforzo por superar as propias dificultades, a capacidade de autocorrección e a evolución persoal do alumno nestes puntos, aparte da corrección sintáctico-gramatical.

Atención: Cada exercicio ou traballo non feito ou non entregado cando se solicite contará como un 0. Se houber constancia de que o exercicio está copiado polo dun compañeiro e/ ou da rede (Internet), a puntuación correspondente será de insuficiente. En caso de atraso inxustificado na entrega, descontarase 0,25 por día hábil sobre 20 puntos (0,125 puntos sobre 10).

1. Nota de traballo na aula (25%): Esta nota terá un valor numérico comprendido entre 0 e 10, provinte da media de tódalas puntuacións ou mencións que se teñan acadado nos exercicios feitos na clase, das participacións e das eventuais probas orais. Dentro dela, inclúese a actitude que cualifica a participación nas diversas actividades realizadas nas clases, valorando a participación (voluntaria >< a petición do profesorado) na aula e a realización de exercicios aplicando o aprendido, e tamén o afán de superación do alumno.

Observación: A falta sistemática de realización das tarefas encomendadas, sexa para casa ou na aula enténdese como unha falta de respecto cara o traballo e polo tanto tamén unha ruptura da dinámica xeral do grupo, contando como 0 cada tarefa non feita / non entregada.

En todos os casos, consideramos que superarán a avaliación en cuestión, e finalmente o curso todos aqueles alumnos que ben na avaliación ordinaria, ben na final, acaden unha nota mínima de 5 sobre 10.

Terceira avaliación. A nota desta avaliación será a nota global definitiva, xa que concentra todos os contidos traballados durante as tres avaliacións.

#### **Criterios de recuperación:**

Recuperación de avaliacións pendentes. A materia de lingua francesa como segunda lingua estranxeira é de avaliación continua, isto é dicir, que todos os contidos aprendidos dende o primeiro día seguirán sendo utilizados e aplicados durante toda a etapa. En virtude de dita continuidade da materia, en caso de ter o alumnado algunha das dúas primeiras avaliacións suspensas, e tendo en conta que o francés segunda lingua estranxeira é unha materia de contidos progresivos, considerarase que un alumno recupera a materia pendente cando, durante a avaliación continua do seu curso actual, dito alumno supere os contidos mínimos establecidos na na 3ª avaliación ou na avaliación final de xuño.

Avaliación final de xuño. O alumnado que non teña superada a materia na 3ª avaliación e deba recuperala de cara a avaliación final deberá realizar as actividades de reforzo propostas polo profesorado para repasar os contidos, ademais da proba escrita de recuperación. Teranse en conta para a cualificación: a) un exame escrito de recuperación (80%), b) o traballo de casa (cun peso do 10% da nota final global), e c) o traballo de aula (10%). En canto ás características do exame desta convocatoria, responderán á mesma estrutura que os de cada unha das avaliacións, pero condensando todos os contidos mínimos do curso do que se trata.

### 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

O alumnado que promocionou coa materia pendente será convocado a unha primeira xuntanza pola Xefatura do Departamento para analizar e comentar o plan de traballo. Recibirá información escrita dos acordos sobre o plan de reforzo a seguir, que terá como referentes os obxectivos da materia e a adquisición das competencias, tal e como foron traballados no curso anterior. Indicarase o procedemento de seguimento, recuperación e avaliación da materia. Esta información estará pendurada na Aula Virtual ou Edixgal e na web do centro. As familias serán advertidas vía Abalar. De todo este procedemento, así como do seu contido, informarase igualmente á Xefatura de Estudos e profesorado titor deste alumnado.

Cómpre ter en conta que dado que 2LEF é unha materia de contidos progresivos, considerarase que un alumno recupera a materia pendente cando, mantendo a matriculación na optativa de segunda lingua estranxeira francés, e en virtude da continuidade da materia, tendo unha avaliación positiva no seu curso actual, dito alumno supera os contidos mínimos dos cursos de menor nivel precedentes.

Os contidos mínimos esixidos serán os do nivel non superado. De maneira xeral, valorarase principalmente a comprensión xeral de textos escritos e orais por parte do alumno, e unha produción básica e autónoma adecuada ao seu nivel que se reflectirá na oral e na escrita. **O profesorado deste departamento estará a disposición do alumnado que así o desexe para a consulta e resolución de dúbidas ou dificultades durante os recreos do luns e venres na biblioteca.**

Liñas xerais do plan de reforzo:

- **Material pedagóxico de consulta:** o alumno poderá repasar os contidos correspondentes ó nivel non superado e traballalos utilizando o caderno de preparación da materia pendente do nivel non superado elaborado por este departamento ou os apuntamentos de aula. O alumno pode solicitar axuda do profesorado para unha mellor comprensión dos puntos que lle resulten máis difíciles. Dito material atópase dispoñible para consulta e/ou descarga no curso do nivel correspondente na Aula Virtual do centro.

- **Actividades de repaso:** o alumno deberá realizar trimestralmente unha ficha de exercicios como máximo, que o profesor revisará e corraxirá e puntuará, dando así ó alumno unha noción clara dos seus progresos. O peso desta ficha de exercicios para a recuperación da materia será dun 5% na 1ª e 2ª avaliacións e de 10% na 3ª. Atención: Cada exercicio ou traballo non feito ou non entregado cando se solicite contará como un 0. Se houber constancia de que o exercicio está copiado polo dun compañeiro e/ ou da rede (Internet), a puntuación correspondente será de insuficiente. En caso de retraso inxustificable na entrega, descontarase 0,25 por día hábil sobre 20 puntos (0,125 puntos sobre 10).

- **Probas escritas:** dada a esixencia de poñer nota trimestral en XADE para a materia pendente, faise necesario realizar probas escritas "parciais" para a superación da materia, ademais da final. O alumnado fará unha proba trimestral para recuperar a materia, sendo realizadas segundo o calendario establecido polo centro. O peso das probas escritas será de 15% para a 1ª e 2ª avaliacións e de 50% na 3ª. En canto ao tipo de proba, responderá ao mesmo esquema que as probas realizadas nas avaliacións ordinaria e final do nivel non superado. Moi importante: no caso de detección de irregularidades durante a realización do exame (copiar de compañeiros, utilizar "chuletas", etc ou outras 'técnicas' similares), isto implicará a anulación do mesmo, contando coa cualificación de 0, coas consecuencias que isto implique á hora de facer a media global.

En cada avaliación, a cualificación global final do alumnado responderá ao seguinte criterio: a nota global de cada alumno obterase da media ponderada da cualificación obtida en cada un dos ítems tidos en conta. Considerarase superada a materia pendente para todo o alumnado que logo da avaliación final de xuño, acade na nota global final unha cualificación mínima de 5 sobre 10.

## 6. Medidas de atención á diversidade

Aplicaranse as recollidas no Plan anual de atención á diversidade. O profesorado deste departamento terá en conta as especificidades persoais de cada alumno, atendendo ás súas necesidades específicas xa dende o propio traballo diario na aula sempre que isto sexa posible, atendendo ás diferenzas do alumnado con actividades de exercicio, ampliación e reforzo. A falta de horario específico de atención particular ao alumnado con dificultades, ofrecerase un apoio extra a quen o desexe durante os recreos do venres na biblioteca para consultar calquera dúbida relacionada coa materia, ou para propoñerlle traballo personalizado que lle axude a mellorar a comprensión xeral da materia ou das capacidades de expresión escrita e oral, contribuíndo à súa adquisición dos contidos mínimos da materia.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - Comunicación audiovisual, tecnoloxías da información e da comunicación	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Creatividade, autonomía e confianza nun mesmo, iniciativa e emprendemento, traballo en equipo e sentido crítico.	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Prevención e resolución pacífica de conflitos nos ámbitos da vida persoal, familiar e social	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Educación na igualdade de oportunidades para tódalas persoas, calquera que sexa o seu sexo, raza, credo ou relixión	X				X	X
ET.5 - Educación para o consumo responsable: previndo o derroche de recursos e buscando a economía circular			X	X	X	X

#### Observacións:

Centrarémonos naqueles temas transversais que consideramos máis adecuados para transmitir unha educación en valores que contribúa positivamente na formación persoal do alumno. Esta labor terá lugar durante todo o curso escolar, xa que teremos a ocasión de tocar diferentes temas que non forman parte explicitamente dos contidos desta materia, pero que si son inseparables dela no sentido de que, cando falamos, sexa nunha lingua ou outra, falamos sempre dos feitos ou acontecementos que rodean á nosa vida cotiá, que é fonte de tódolos temas transversais que se poden atopar.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Celebración do Día das Escritoras (16 de outubro 2023)	Celebrarase de novo esta data en colaboración coa Biblioteca Escolar para contribuír á posta en valor da muller, en concreto a que ten por oficio a arte de escribir e comunicar, ben dentro do campo da ficción ou da divulgación científica, histórica, etc.	X		
Asistir a proxeccións oficiais ou autorizadas de films franceses	Asistirase cos grupos de 2LEF á proxección de cine francés (en VO subtitulada) organizada pola AF de Santiago no cadro do Fiestinema 2023.	X		
Correspondencia con alumnos de outros centros franceses ou francófonos	Solicitarase contacto con posibles centros colaboradores a través da páxina <a href="http://espagne01.chez-alice.fr/lesechanges.html">http://espagne01.chez-alice.fr/lesechanges.html</a> ou outros semellantes para establecer unha correspondencia persoal entre os nosos alumnos de francés e alumnado que cursa español como lingua estranxeira en diversos centros educativos franceses.	X	X	
Dinamización da Biblioteca Escolar	Promocionaremos a lectura de textos informativos e fomentaremos o préstamo dos fondos en lingua francesa dos que dispoñemos, así como a lectura de material traducido a outras linguas (principalmente, obras de autores franceses traducidas a castelán ou galego) e o achegamento á música de solistas e grupos franceses e francófonos, así como ao cine e á banda deseñada desta nacionalidade.	X	X	X
Participación en actividades e celebracións do centro	Cando se celebren actividades do centro, (por exemplo, as Xornadas Culturais, 23 de marzo, Día Mundial da Auga), e especialmente as organizadas dende o Equipo de Biblioteca, (19O, 25N, Día da Poesía, Día do Libro,...), colaborem na súa organización, realización e publicidade (confeccionando carteis ou murais, participando nos recitais diversos...) e integrándoas na aprendizaxe da lingua estranxeira.	X	X	X
Actividades relacionadas coa gastronomía francesa (XXCC)	Nas Xornadas Culturais, obradoiro de cata de produtos gastronómicos franceses			X
Xogos e outras actividades lúdicas	Buscaremos utilizar os xogos de preguntas adquiridos polo departamento (Mini-boîte à questions insolites, Boîte à questions "Astérix"... ) durante este curso, na aula e/ ou na Biblioteca.		X	X

### Observacións:

Tamén seguiremos fomentando o préstamo dos fondos en lingua francesa dos que dispoñemos, así como a lectura de material traducido a outras linguas (principalmente, obras de autores franceses traducidas a castelán ou galego) e o achegamento á música de solistas e grupos franceses e francófonos, así como ao cine e á banda deseñada desta nacionalidade.



## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Cumprimento do proxecto lector: cumprimento dos puntos mencionados na programación e no Plan de Lectura
Porcentaxe de aprobados do curso
Metodoloxía empregada
Utilización das TIC: uso diario na aula
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Emprego de recursos variados na práctica docente
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Tratamento de temas transversais

### Descrición:

Terase en conta en primeiro lugar o grado de adquisición dos contidos e estándares en xeral, así como a porcentaxe de aprobados e suspensos da materia, tendo en conta o nivel xeral do grupo en relación ao curso. Para valorar os indicadores de logro, temos prevista unha táboa cunha cualificación dos niveis de logro de 0 a 4.

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Para avaliar a eficacia da programación, observaremos a fluidez no traballo diario da aula, atendendo aos indicadores de realización de actividades, emprego de recursos variados para a docencia, tratamento de temas transversais, cumprimento do PAL e uso das TIC. Tamén atenderemos ao relativo ás variacións nas porcentaxes de alumnos aprobados e suspensos de cada avaliación e ao cumprimento da programación, comparados con datos de anos anteriores, tendo en conta os parámetros que inflúen en ditas porcentaxes, como o número de grupos e alumnos por curso, e a cantidade de alumnado repetidor ou casos particulares. Se atopamos diferenzas significativas cos datos de anos precedentes, deixaremos constancia mediante análises nas actas e na memoria do departamento, estudando as causas e propoñendo cambios na metodoloxía e/ ou outras modificacións na programación que nos parezan oportunos.

## 9. Outros apartados

### **1. Accións de contribución ao proxecto lector**

- Dedicar un mínimo de 20-25 minutos por sesión á lectura e comprensión de textos, que serán sobre todo de tipo informativo (científicos e xornalísticos, gráficas e esquemas) e expositivo (publicidade, descrições turísticas...); lectura de diferentes formatos textuais: narrativa, banda deseñada, de imaxes (videoclips musicais);
- Usar os fondos da BE como recurso de aula e para préstamo persoal; diversificación e mellora dos fondos en lingua francesa do departamento con adquisición de novas lecturas, BD e libros informativos de temáticas científicas;
- Participar en todas as actividades organizadas pola BE que fomenten a lectura.
- Velar polo cumprimento da Hora de Ler, respectándoa cando coincida no tempo da materia.

### **2. Accións de contribución ao plan dixital**

- Utilizar na aula as TIC para ampliar coñecementos e mellorar o rendemento do traballo do alumnado, mediante o uso de Internet (busca de información, utilización de dicionarios e outras axudas gramaticais na Internet, exercicios e xogos de gramática na rede...), da pantalla dixital interactiva (consultando información e facendo exercicios de páxinas de Internet), así como o uso doutras aplicacións informáticas (editores de texto, presentacións de diapositivas...) e a AV, aprendendo a utilizalas, ou mellorando o seu coñecemento.
- Actualizar a páxina web do departamento, dentro da páxina web do instituto.
- Elaborar e colgar materiais para nas aulas virtuais para a aprendizaxe da lingua.
- Elaborar, na medida do posible, artigos para a publicación na revista dixital do instituto.

### **3. Accións de contribución ao plan de convivencia**

A contribución deste departamento ao Plan de Convivencia do PEC basearase no traballo diario na aula co respecto ás persoas, fomentando a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre todos, valorando e afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre as persoas como principais valores de conduta, fomentando a resolución pacífica e dialogada dos conflitos que puideran xurdir. Manterase unha clase motivada e atenta, prestando especial atención ao coñecemento das NOF e a atención ao alumnado con NEAE. Utilizaremos a observación diaria das condutas dos alumnos e manteremos informados ao departamento de orientación, á xefatura de estudos e ás familias empregando como medios Abalar, aula virtual e titorías telefónicas ou presenciais.